



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 82

MAIO 2013

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense

Tfno/Fax: 982 245 142 – **Correo Electrónico:** ovica@ovica.org – **Páxina web:** www.ovica.org

Axuda aos servizos de aconsellamento – 2013

O pasado 6 de xuño saíu publicado no DOG a orde do 24 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a utilización de servizos de asesoramento por persoas titulares de explotacións agrarias e se convocan para o ano 2013. Nesta orde defínense as contías das axudas para os gandeiros que aínda teñen o CES e que deben seguir contratando un servizo de aconsellamento.

O prazo para solicitar esta axuda remata o xoves 4 de xullo.

Dende OVICA poñerémonos en contacto cos actuais socios aos que lles prestamos este servizo para aclarar calquera dúbida na súa solicitude.

Axuda para compensar as desvantaxes específicas que afectan os/as agricultores/as do sector ovino

Os socios de Vélaro que solicitaron a axuda no 2012 e aínda non a cobraron, que se poñan en contacto coa cooperativa e asinen e manden a autorización que xa mandou a cooperativa por carta.



Axuda para produtos de calidade no ovino e caprino – 2012

O Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) fixou o importe da axuda á mellora da calidade nas producións de ovino e caprino en 2,2 euros por animal para a campaña 2012. En Galicia os únicos beneficiarios desta axuda son aqueles que están en agricultura ecolóxica e inscritos no CRAEGA. En toda España repartíranse os 7,2 millóns de euros entre as 3.527.290 cabezas de gando con dereito a pago.

INCORPORACIÓNS E PLANS DE MELLORA

O pasado mes de maio OVICA presentou varias propostas para conseguir un mellor encaixe das axudas á primeira instalación de agricultores mozos e plans de mellora.

En concreto, as propostas foron:

- Aumentar a idade dos animais subvencionables, chegando ata os 10 anos, xa que dende o ano pasado so se subvencionaban os animais menores de 12 meses.
- Adaptar o censo mínimo por UTA (para o 2012 eran 234 ovellas e 117 cabras) para que os requirimentos sexan máis acordes coa realidade das primeiras instalacións. Por iso a proposta foi de 149 ovellas e 117 cabras por UTA.
- Manter a achega ao capital social como gasto subvencionable, xa que se está estudando eliminalo.

Dende OVICA esperamos ver estas modificacións na vindeira orde de axudas, que publicárase en breve no DOG.



CAIXA RURAL GALEGA

FEIRAS – Mercados e feiras deste verán en España:

Exposicións de ovino

- Medina del Campo (Valladolid). 13 ao 16 de xuño. Exposición de Castellana.
- Uharte-Arakil (Navarra). 22 ao 25 de agosto. Concurso de Latxa. Subhasta de Latxa.
- Huelma (Jaén). 22 ao 25 de agosto. Exposición de Montesina.
- Loja (Granada). 31 de agosto. Concurso de Lojeña.

Exposicións de caprino

- Medina del Campo (Valladolid). 13 a 16 de junio. Exposición de Agrupación de las Mesetas.
- Algeciras (Cádiz). 14 a 16 de junio. Exposición de Malagueña y Murciano-Granadina.
- Manzanares (Ciudad Real). 10 a 14 de julio. Exposición de Florida.
- Huelma (Jaén). 22 a 25 de agosto. Exposición de Blanca Andaluza o Serrana.

NOVAS BREVES

Fontes: Oviespaña, Agrodigital, CCAE, Agroinformación, Boletín agrario e infoagro, ...

LA – A cooperativa burgalesa Ovicarlan vende 50.000 kilos de lana no seu primeiro ano

Cúmprese un ano da creación da cooperativa Ovicarlan con sede en Briviesca (Burgos), neste primeiro ano comercializaron xa un total de 50.000 kilos de la. A la vendeuse nunha subhasta. Ata o de agora, os 35 socios da cooperativa vendían a la de forma individual e, ao ser pequenas cantidades tiñan dificultades para sacala ao mercado. Vendíase mal e a destempo. Aínda así, con este cambio, os gandeiros non gañaron máis cartos, peros i se sacaron un problema de diante.

INTERNACIONAL – Francia intentará 'educar' aos lobos para que non ataquen ás ovellas

Os pastores franceses están cansados de que os lobos maten a miles das súas ovellas cada ano. O goberno francés decidiu poñer en marcha o 'Plan Nacional do Lobo' (PNL). Os ministros de Medio Ambiente e de Agricultura presentaron o PNL de cara ao período 2013-2017 con 4 prioridades:

- Un maior seguimento biolóxico para dispoñer dunha estimación completa da poboación de lobos.
- Aplicación de medidas máis eficaces nos rabaños contra os ataques, prestando especial atención ao uso de cans de protección do gando.
- Establecemento dun dispositivo de indemnización de danos, que concentrarase nas perdas - indirectas (abortos, redución da lactación, perda de peso,...).
- Aplicación dun novo protocolo de intervención en proporción ao risco, gradual e adaptado á presión local dos depredadores, para o que se aplicará unha política de xestión da poboación de lobos en base a súa taxa de crecemento, así como medios de defensa, acordados cos gandeiros, que sexan compatibles cos principios de protección do lobos previstos no dereito comunitario é internacional.

A intención é 'educar' aos animais salvaxes e conseguir que cacen outras especies como cervos ou coellos, pero non máis ovellas. O método é sinxelo. Cando localicen a un exemplar de lobo que atacou algún rabaño, o animal será capturado durante un tempo. Ademais de poñerlle un chip, o asustarán facéndolle unha marcaxe.

Os lobos en Francia se multiplicaron nos últimos anos. Desde el organismo oficial que controla a caza e a vida salvaxe de Francia, calculan que hai uns 250 exemplares en todo o territorio nacional. Pero as cifras de ovellas mortas tamén medraron. En 2008 máis de 2.680 ovellas francesas morreron por ataques de lobos, unha cifra que subiu ata as 4.920 en 2011 e a 5.848 en 2012.



Nova PAC – En setembro iniciárase o debate sobre o reparto de fondos entre as comunidades autónomas. Recortes para o cobro da PAC 2013.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Miguel Arias Cañete, avanzou que a partir de setembro, poderá abrirse un debate nacional para fixar a aplicación de la nova PAC para debater o reparto de fondos entre as comunidades autónomas. Un dos aspectos importantes que haberá que debaterse é a repartición dos novos fondos de investigación da Unión Europea (UE) para 2014-2020, que non serán inferiores a 4.500 millóns de euros. Entre os avances na negociación da nova reforma -que se aplicará a partir de 2015-, destaca a creación para un fondo de reserva de crise. Entre os temas pendentes queda aínda a definición de agricultor "activo" e si se establece un teito nas axudas o "capping" aos grandes perceptores en España. En este punto, a UE considera inadmisíbel o reparto actual que fai que algunhas familias perciban 7.000 euros ao día en axudas europeas ou que as reciban grandes corporacións como Gallo (7,4 millóns), Nestlé (2,7 millóns), Mercadona (2,6 millóns) ou a Duquesa de Alba (3 millóns) e pide fixar en 100.000 euros o teito de axudas para os grandes perceptores para penalizar así ao "agricultor de sofá". O ministro volveu a insistir sobre a limitación a 22 millóns de hectáreas que poderán recibir axudas directas para evitar o risco da entrada no sistema duns 16 millóns máis que poderían implicar unha "fortísima" caída das axudas por hectárea. **Este punto xa o rebatemos nun Boletín anterior e segue a ser moi controvertido.**

Pola súa parte, o "Greening" ou pago verde, aplicarase de forma individualizada aos agricultores el imitarase do 7 ao 5% da superficie de interese ecolóxico, considerándose que os pastos permanentes xa cumpren os requisito se computarán como superficies de interese ecolóxico. Aínda así as axudas da nova PAC caerán ao redor dun 12%.

Por outra parte, a Comisión Europea (CE) propuxo un recorte de 1.471 millóns de euros nos pagos directos que percibirán os agricultores en 2014 de cara a cadrar o orzamento para ese ano. Bruxelas explicou que a previsión de gasto nas partidas de pagos directos e medidas de mercado da PAC (coñecidas como "primeiro pilar") en 2014 é maior que o teito provisional de gasto para ese ano acordado en febreiro pasado polos xefes de Estado e de Goberno da UE. A medida ten en contra toda a comunidade agrícola, especialmente en España polas graves consecuencias que terá no campo español, en especial si se aplicara xa este ano.


A proposta da Comisión prevé que os primeiros 5.000 euros que reciben os agricultores como pago directo estean exentos de calquera redución. En total, a medida contempla un recorte do 5% na partida de pagos directos, o que supón un aforro xeneral para a UE de algo máis de 1.471 millóns de euros en 2014.

A Comisión sinalou que a medida afectará ás solicitudes de pagos directos que os agricultores fixeron este ano, e que deberían ser abonadas en decembro.

En España o recorte suporá case 47 millóns de euros. Este recorte ten que referendarse no parlamento europeo, pero a postura é firme por parte da Comisión.

INTERNACIONAL - París realiza unha experiencia de 'ecopastoreo' cun rabaño de ovellas

Catro ovellas acaban de mudarse á cidade e pastan tranquilamente nos terreos dos Arquivos de París, xardíns de propiedade pública que alberga nunha experiencia piloto de 'ecopastoreo' para reintroducir animais na capital francesa. As ovellas son da raza Ouessant, e proveñen da Bretaña. Normalmente son utilizadas para segar a herba en lugar de usar cortacéspedes eléctricos. As ovellas segan e fertiliza no terreo, de 2.000 metros cadrados, en lugar de recurrir a ferramentas que consumen enerxía eléctrica e a adubos minerais a base de produtos químicos. Estas ovellas son idóneas para este tipo de experiencias porque son bastante resistentes ás enfermidades.



Chegaremos a ver esta imaxe en París?

SANIDADE – Galicia e outras 4 comunidades do norte da península son declaradas “indemnes” de brucelose ovina e caprina

Cinco comunidades autónomas do norte peninsular (Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco e Castilla y León) obtiveron recentemente a declaración de ‘indemne’ para a brucelose ovina e caprina. A Comisión Europea (CE) declarou oficialmente indemne de brucelose (*brucella melitensis*) a tódolos ovinos e caprinos de Asturias, Cantabria, Castilla y León, Galicia e País Vasco.

Este feito ten importantes repercusións na redución das análises da campaña de saneamento para ás explotacións de Galicia, ademais de vantaxes comerciais para aventa de animais e xenética. Este foi un paso máis despois da erradicación da enfermidade varios anos atrás.

A principal repercusión deste cambio no estatus sanitario de Galicia son os cambios que vai haber na campaña de saneamento do ano. A Xunta de Galicia ten varias opcións, pero todas implican unha redución no número de animais analizados por explotación. A primeira é analizar cada ano só unha porcentaxe do número de animais de cada explotación, a segunda é facer o saneamento cada dous anos (ben sexa cada ano da metade das explotacións ou todas cada dous anos).

LUMES – Andalucía arranca o plan para a prevención de lumes con 228 pastores.

Dentro das iniciativas de prevención que desenvolve Andalucía durante os meses de perigo medio e baixo de lumes, desde mediados de outubro a maio, atópase o programa de pastoreo controlado con gando, que este ano conta coa participación de 228 pastores. Esta iniciativa denominada “Red de Áreas de Pasto Cortafuegos de Andalucía” (RAPCA), consiste no emprego de gando en réxime de pastoreo controlado para eliminar o combustible vexetal das zonas de corta-lumes e manter as infraestruturas de cara á prevención de incendios forestais.

A Junta de Andalucía, a través deste plan, subscribe anualmente convenios cos pastores nos que se delimitan as áreas onde traballarán e, unha vez realizado o pastoreo, se revisan os resultados e se establece a remuneración correspondente en cada caso. Este ano o programa dispón dun orzamento de preto de 800.000 euros, que permitirán o tratamento de 3.252 km lineais de corta-lumes en toda a comunidade autónoma. Tanto o número de pastores como as áreas de actuación deste programa foron medrando desde a posta en marcha do mesmo en 2005.

COMPRA – VENTA

– VÉNDESE SANTANA 300

4x4 con reductoras, 1,6 HDI 16 válvulas, elevelunas eléctrico, aire acondicionado, dirección asistida, enganche para remolque, radio-cd-mp3, mans libres bluetooth.

Matriculado no 2008 con 47.000 km

Consultar prezo no 687 778 013



- Véndese tractor – 664 397 708 – Xunqueira de Ambía (Ourense)
- Véndense cachorros de Border Collie – 628 822 397 – Guitiriz (Lugo)
- Véndense cachorros de mastín – 639 925 690 – Friol (Lugo)



ADSG
ACIVO
Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira
de ovino e caprino de Galicia

